

IES A Basella



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

IES A Basella

Programación didáctica

Departamento de Lingua Castelá e Literatura



Curso 2022- 2023

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN	p. 4
2.- ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.....	p. 5
2.1.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfís competenciais da materia. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis concretados por nivel educativo.....	p. 5
2.2.- Concrecións do perfil competencial por curso.....	p.10
2.3. Concrecións metodolóxicas que require a materia	p. 17
2.4.- Materiais e recursos didácticos.....	p.21
2.5.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	p.23
2.6.-Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	p.26
2.7.- Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan tomar como consecuencia dos resultados.....	p.27
2.8.-Medidas de atención á diversidade.....	p.27,28
2.9.- Concreción de elementos transversais que se traballarán.....	p.28
-30	
2.10.- Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	p.31
2.11 Contribución aos proxectos do centro.....	p.32
2.12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	p.33
2.13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	p.34
3.- PROGRAMACIÓN DE 2º DE ESO.....	p.36
4.- PROGRAMACIÓN DE 4º DE ESO.....	p.60
5.-PROGRAMACIÓN DE 2º DE BACHARELATO.....	p.15

1.- INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllense as programacións didácticas das seguintes materias:

- Lingua castelá e Literatura de 1º ESO
- Lingua castelá e Literatura de 2º ESO
- Lingua castelá e Literatura de 3º ESO
- Lingua castelá e Literatura de 4º ESO
- Lingua castelá e Literatura de 1º BACHARELATO
- Lingua castelá e Literatura de 2º BACHARELATO
- Literatura Universal de 1º BACHARELATO
- Diversificación curricular

Nesta introdución aparecen recollidos aspectos xerais do departamento e do centro e ten os seguintes apartados:

1. Datos do departamento
2. Marco lexislativo

1.1.- DATOS DO DEPARTAMENTO

Xefatura de departamento: Elena Rivas Cao

Materia	Curso	Grupos	Profesorado
Lingua castelá e Literatura	1º ESO	3 grupos	Celia Núñez
Lingua castelá e Literatura	2º ESO	3 grupos	Juliana Dios
Lingua castelá e Literatura	3º ESO	2 grupos	Elena Rivas
Lingua castelá e Literatura	4º ESO	2 grupos	Sofía López
Lingua castelá e Literatura	1º BACH	3 grupos	Lidia Barreiro
Lingua castelá e Literatura	2º BACH	3 grupos	Elena Rivas
Literatura universal	1º BACH	1 grupo	Lidia Barreiro
Diversificación curricular	3º ESO	1 grupo	Juliana Dios

1.2.- REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o

currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
-

2.- ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

Seguindo as pautas marcadas para futuras programacións que van encamiñadas a elaborar un documento que sexa a "folla de ruta" de cada un dos centros educativos e no que se recollen aspectos organizativos xerais do centro, optouse tamén nesta programación por agrupar nun mesmo apartado aqueles puntos da programación que se repetían en todos os cursos, Na programación específica de cada curso indicárase que aspectos da programación aparecen recollidos neste apartado.

2.1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DA MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os alumnos e as alumnas a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de

éxito.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir, tal e como se indica no informe da Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI (Delors, 1996). A LOMCE establece sete competencias clave.

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional.

- Competencia lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

É evidente que a contribución da nosa materia ao desenvolvemento desta competencia é clave.

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado. É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos. O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O **compoñente lingüístico** céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
Este compoñente ten un gran peso xa que se repasan as normas ortográficas básicas, nomeadamente os signos de puntuación e a acentuación, estudamos as clases de palabras e ampliamos o léxico do alumnado (frases feitas, uso de sinónimos, os xentilicios...), promovemos a pronuncia coidada e o respecto polos aspectos prosódicos da linguaxe.
- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
A través do estudo das diferentes tipoloxías textuais, o alumnado debe ser quen de recoñecer as diferentes clases de textos, a súa finalidade e características e ser que de utilizar estes textos de forma axeitada, tanto de forma oral como escrita.
- O **compoñente sociocultural** inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
O alumnado debe ser consciente desta dimensión sociocultural tanto no estudo das diferentes linguas de España como á hora de valorar a importancia da lingua para transmitir o seu coñecemento sobre o mundo. Tamén teremos en conta esta dimensión sociocultural no estudo da literatura.
- O **compoñente estratéxico** céntrase no desenvolvemento de destrezas e

estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.

O traballo continuado con textos diversos, tanto orais como escritos, axudará ao alumnado a desenvolver estas estratexias. Tamén nos traballos en grupo.

- O **compoñente persoal** potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

O traballo cooperativo é básico para favorecer a interacción comunicativa e potenciar as nosas capacidades de dialogar, chegar a acordos e ser quen de expresar as nosas opinións, esforzándonos en dicir aquilo que realmente queremos dicir.

Desde a nosa materia trabállanse tanto os compoñentes lingüísticos, xa que nos centramos no estudo dos aspectos léxicos, gramaticais, ortográficos e fonolóxicos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

a) A competencia matemática.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia matemática:

- *Mellora a comprensión dos enunciados dos problemas matemáticos e, polo tanto, axuda á súa formulación e resolución.*
- *Mediante a "lectura" de textos en diversos formatos como a interpretación de gráficos e a explicación do seu contido.*
- *Mediante a relación entre o ritmo nos poemas e as matemáticas (cómputo de sílabas)*
- *A descrición de obxectos e espazos favorece a visión espacial e axuda ao estudo da xeometría.*
- *Favorece o uso de linguaxes técnicos que axudan á expresión dos coñecementos.*

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia básica en ciencia e tecnoloxía:

- *Mediante a interpretación e produción de textos expositivos e descritivos, básicos para transmitir o coñecemento científico.*
- *Mediante a interpretación de instrucións de uso de instrumentos, máquinas e ferramentas de uso cotián.*

- *Mediante a lectura de textos, debates... que favorezan unha interacción responsable co medio natural e unha conciencia ecolóxica.*

COMPETENCIA DIXITAL

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia dixital:

- *Utilizando a busca de información e a súa xestión na elaboración de traballos de investigación, polo que é necesario que os alumnos e alumnas coñezan os motores de procura e a utilización de paquetes de software de comunicación*
- *Creando produtos finais dos proxectos de investigación en diversos formatos(texto, audio, vídeo, imaxes) o que leva ao coñecemento programas/aplicacións para crear contidos.*
- *Promovendo un uso axeitado das TIC para unha utilización segura das tecnoloxías e os recursos online.*
- *Formando ao alumnado na elaboración de traballos nos que indiquen as fontes e respecten os dereitos de autor.*

APRENDER A APRENDER

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender

- *Espertando a capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado a través da planificación de actividades motivadoras para o alumnado*
- *Favorecendo a organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe mediante o traballo por proxectos no que a toma de decisións depende dos alumnos e alumnas do equipo de traballo. Isto implica a adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.*
- *Favorecendo a comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa mediante a explicación e práctica de diversas técnicas de traballo intelectual*

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

a) A competencia social

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á

saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia social:

- *Potenciando a comprensión e análise crítica dos códigos de conduta e os usos de distintas sociedades a través das lecturas e da interacción na aula*
- *Favorecendo comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación mediante o debate e o traballo en grupo*

b) A competencia cívica

A competencia cívica baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia cívica

- *Potenciando a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade mediante o traballo colaborativo e as actividades que implique falar en público, debater, chegar a acordos...*
- *Favorecer a reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato mediante a análise de noticias e reportaxes que traten estes temas .*
- *Favorecendo a toma de decisións consensuada e mediante o exercicio do voto.*

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor xa que o traballo colaborativo e os proxectos de investigación melloran:

- *A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autoconhecimento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.*

- *A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.*
- *A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.*
- *As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.*
- *O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.*

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

A competencia en conciencia e expresións culturais artículase arredor dos seguintes aspectos:

- *Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.*
- *Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.*

A materia de Lingua castelá e Literatura contribúe de diversas maneiras ao desenvolvemento da competencia en conciencia e expresións culturais mediante

- *O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística, en particular, da linguaxe literaria, aínda que se establecen relacións con outros xéneros artísticos*
- *O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.*
- *A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.*
- *O despertar interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da vila e do instituto, a través das actividades organizadas pola biblioteca do centro en colaboración con diversos departamentos*
- *A potenciación da capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.*

2.2.- CONCRECIÓNS DO PERFIL COMPETENCIAL POR CURSO

No seguinte cadro especifícanse os bloques de contidos (B.C) e os estándares de aprendizaxe que contribúen directamente ao desenvolvemento de cada unha das competencias en cada un dos cursos.

LEENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD Competencia dixital.


CAA Competencia aprender a aprender.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.


CCEC Conciencia e expresións culturais.

PERFIL COMPETENCIAL DE 1º DE ESO:





Competencias	1ºESO	
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CCL	LCLB1.1.1, LCLB1.2.1, LCLB1.3.1, LCLB1.4.1, LCLB2.1.1, LCLB2.1.2, LCLB2.4.1, LCLB2.4.2, LCLB3.1.1, LCLB3.1.2, LCLB3.1.3, LCLB3.3.1, LCLB3.4.1, LCLB3.5.1, LCLB4.1.1, LCLB4.3.1.	40%
CMCCT	LCLB2.1.3, LCLB2.4.3.	5%
CD	LCLB1.3.2, LCLB2.2.1, LCLB2.2.2, LCLB2.2.3, LCLB2.4.3, LCLB3.2.1.	15%
CAA	LCLB1.3.1, LCLB1.3.3, LCLB3.5.1, LCLB3.7.1.	10%
CSC	LCLB1.1.1, LCLB1.5.1, LCLB3.4.1, LCLB3.6.1, LCLB4.2.2.	12,5%
CSIEE	LCLB1.2.1, LCLB2.3.1.	5%
CCEC	LCLB4.1.1, LCLB4.2.1, LCLB4.2.2, LCLB4.3.1, LCLB4.3.2.	12,5%

PERFIL COMPETENCIAL DE 2º DE ESO




Competencias	2ºESO	
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CCL	LCLB1.1.1, LCLB1.1.2, LCLB1.1.3, LCLB1.2.1, LCLB1.2.2, LCLB1.2.4, LCLB1.3.1, LCLB1.5.1, LCLB1.5.3, LCLB1.5.4, LCLB1.6.2, LCLB2.1.1, LCLB2.1.2, LCLB2.1.4, LCLB2.2.1, LCLB2.4.2, LCLB2.5.1, LCLB3.1.1, LCLB3.1.2, LCLB3.1.3, LCLB3.2.1, LCLB3.3.1, LCLB3.5.1, LCLB3.6.1, LCLB3.7.1, LCLB4.1.1, LCLB4.3.1, LCLB4.3.2, LCLB4.4.1	51%
CMCCT	LCLB2.1.5, LCLB2.2.2, LCLB2.5.3	5,3%
CD	LCLB1.4.2, LCLB2.3.1, LCLB2.3.2, LCLB2.2.3, LCLB2.5.3.	8,7%
CAA	LCLB1.2.3, LCLB1.2.4, LCLB1.4.3, LCLB3.9.1, LCLB4.2.2, LCLB4.4.2	10,5%
CSC	LCLB1.3.1, LCLB1.5.2, LCLB1.6.1, LCLB1.6.2, LCLB3.8.1, LCLB4.3.1	10,5%
CSIEE	LCLB1.4.1., LCLB2.4.1.	3,5%
CCEC	LCLB2.1.3, LCLB2.5.2, LCLB3.4.1, LCLB3.4.2, LCLB4.2.1, LCLB4.4.1	10,5%

PERFIL COMPETENCIAL DE 3º DE ESO





Competencias	3ºESO	
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CCL	LCLB1.1.1, LCLB1.1.3, LCLB1.2.1, LCLB1.2.2, LCLB1.4.1, LCLB1.5.1, LCLB1.5.2, LCLB1.5.4, LCLB1.6.2, LCLB2.1.1, LCLB2.1.2, LCLB2.2.1, LCLB2.3.1, LCLB2.3.2, LCLB2.5.2, LCLB2.6.1, LCLB2.6.2, LCLB2.7.2, LCLB3.1.1, LCLB3.1.2, LCLB3.2.1, LCLB3.2.2, LCLB3.3.1, LCLB3.3.2, LCLB3.4.1, LCLB3.4.3, LCLB3.5.1, LCLB3.6.1, LCLB3.7.1, LCLB3.9.1, LCLB4.1.1, LCLB4.4.1, LCLB4.5.1, LCLB4.6.1, LCLB4.6.2, LCLB4.7.1.	54,5%
CMCCT	LCLB2.7.1.	1,5%
CD	LCLB1.4.2, LCLB2.4.1, LCLB2.7.4, LCLB4.7.2.	6,1%
CAA	LCLB1.5.5, LCLB2.1.3, LCLB2.5.1, LCLB2.6.3, LCLB3.4.2, LCLB3.9.1, LCLB3.10.1, LCLB4.6.2.	12,2%
CSC	LCLB1.1.2, LCLB1.3.1, LCLB1.6.1, LCLB2.3.3, LCLB2.7.4, LCLB3.8.1, LCLB3.8.2, LCLB4.3.1, LCLB4.4.2.	13,6%
CSIEE	LCLB4.4.2, LCLB4.7.1.	3%
CCEC	LCLB2.2.2, LCLB2.7.3, LCLB3.7.2, LCLB4.2.1, LCLB4.5.2, LCLB4.6.1.	9,1%

PERFIL COMPETENCIAL DE 4º DE ESO




Competencias	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
CCL	LCLB1.1.1, LCLB1.1.2, LCLB1.1.3, LCLB1.1.4, LCLB1.1.5, LCLB1.1.6, LCLB1.2.1, LCLB1.2.2, LCLB1.2.4, LCLB1.3.2, LCLB1.3.3, LCLB1.3.4, LCLB1.4.1, LCLB1.4.2, LCLB1.5.1, LCLB1.6.2, LCLB1.6.3, LCLB1.6.4, LCLB1.6.6, LCLB1.7.1, LCLB1.7.2, LCLB2.1.1, -LCLB2.1.2, LCLB2.1.4, LCLB2.1.6, LCLB2.2.1, LCLB2.2.3, LCLB2.2.4, LCLB2.2.5, LCLB2.3.1, LCLB2.3.2, LCLB2.4.1, LCLB2.4.2, LCLB2.4.3, LCLB2.5.1, LCLB2.5.2, LCLB2.5.3, LCLB2.5.4, LCLB2.5.6, LCLB2.6.1, LCLB2.6.2, LCLB2.6.3, LCLB2.6.6, LCLB2.7.1, LCLB2.7.2, LCLB3.1.1, LCLB3.10.1, LCLB3.11.1, LCLB3.2.1, LCLB3.3.1, LCLB3.3.2, LCLB3.4.1, LCLB3.4.2, LCLB3.6.1, LCLB3.6.3, LCLB3.6.4, LCLB3.7.1, LCLB3.8.1, LCLB3.8.2, LCLB3.8.3, LCLB3.8.4, LCLB3.9.1, LCLB3.9.2, LCLB4.1.1, LCLB4.2.1, LCLB4.3.1, LCLB4.3.3, LCLB4.4.1, LCLB4.5.1, LCLB4.6.1, LCLB4.6.2.	62,3%
CMCCT	LCLB2.1.3, LCLB2.2.6, LCLB3.6.2	2,6%
CD	LCLB1.2.5, LCLB1.6.1, LCLB2.4.2, LCLB2.7.4, LCLB3.5.1, LCLB4.6.1, LCLB4.6.3	6,1%
CAA	LCLB1.2.3, LCLB1.2.4, LCLB1.2.6, LCLB1.4.3, LCLB1.6.5, LCLB2.1.5, LCLB2.2.6, LCLB2.3.2, LCLB2.4.3, LCLB2.5.2, LCLB2.5.4, LCLB2.5.5, LCLB2.6.4, LCLB2.6.5, LCLB3.11, LCLB3.12.1, LCLB3.3.3, LCLB4.4.2, LCLB4.5.2.	14%
CSC	LCLB1.3.1, LCLB1.3.5, LCLB1.7.3, LCLB2.2.2, LCLB2.3.3, LCLB3.10.2, LCLB3.8.2, LCLB4.2.3, LCLB4.3.2.	8%
CSIEE	LCLB4.1.3, LCLB4.3.2, LCLB4.6.2.	2,6%
CCEC	LCLB1.8.1, LCLB2.7.3, LCLB4.1.2, LCLB4.2.2, LCLB4.3.4.	4,4%

PERFIL COMPETENCIAL DE 1º DE BACHARELATO




Competencias	1º BACHARELATO					
	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
CCL	LCL1B1.1.2,	LCL1B1.2.1,	LCL1B1.2.2,	LCL1B2.1.1,	LCL1B2.2.1,	44,2%
	LCL1B2.3.1,	LCL1B2.4.3,	LCL1B3.1.2,	LCL1B3.2.1,	LCL1B3.2.2,	
	LCL1B3.2.3,	LCL1B3.2.4,	LCL1B3.2.5,	LCL1B3.3.1,	LCL1B3.3.2,	
	LCL1B3.3.3,	LCL1B3.3.4,	LCL1B3.3.5,	LCL1B3.4.2,	LCL1B3.5.1,	
	LCL1B3.5.2,	LCL1B3.8.1,	LCL1B3.9.1.			
CMCCT	LCL1B2.2.2.					2%
CD	LCL1B1.1.1,	LCL1B2.4.2,	LCL1B2.4.4,	LCL1B3.6.1,	LCL1B4.4.2,	11,5%
	LCL1B4.4.3.					
CAA	LCL1B1.1.4,	LCL1B1.2.3,	LCL1B2.1.3,	LCL1B2.4.1,	LCL1B3.9.1,	13,5%
	LCL1B3.10.1,	LCL1B4.2.1.				
CSC	LCL1B1.1.3,	LCL1B1.3.1,	LCL1B1.3.2,	LCL1B2.1.2,	LCL1B2.2.3,	17,3%
	LCL1B2.3.2,	LCL1B3.5.3,	LCL1B3.7.1,	LCL1B3.8.2.		
CSIEE	LCL1B3.4.1,	LCL1B4.4.1.				3,8%
CCEC	LCL1B4.1.1,	LCL1B4.2.2,	LCL1B4.3.1,	LCL1B4.3.2.		7,7%

PERFIL COMPETENCIAL DE 2º DE BACHARELATO



2º BACHARELATO	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	
CCL	LCL2B1.1.1, LCL2B1.1.2, LCL2B1.4.4, LCL2B2.1.1, LCL2B2.1.3, LCL2B2.1.4, LCL2B2.2.1, LCL2B2.2.2, LCL2B2.3.3, LCL2B2.4.1, LCL2B2.4.2, LCL2B2.4.3, LCL2B3.1.1, LCL2B3.10.1, LCL2B3.2.1, LCL2B3.3.1, LCL2B3.3.2, LCL2B3.4.1, LCL2B3.5.1, LCL2B3.6.1, LCL2B3.6.3, LCL2B3.6.4, LCL2B3.6.5, LCL2B3.7.1, LCL2B3.8.1, LCL2B4.4.1, LCL2B1.4.1. 53%
CMCCT	LCL2B1.4.3. 1,9%
CD	LCL2B1.4.2, LCL2B2.3.2. 3,9%
CAA	LCL2B1.2.1, LCL2B1.4.5, LCL2B2.1.2, LCL2B2.2.3, LCL2B3.1.2, LCL2B3.10.1, LCL2B3.11.1, LCL2B3.6.6, LCL2B4.5.1. 17,6%
CSC	LCL2B1.3.1, LCL2B3.2.2, LCL2B3.9.1, LCL2B3.9.2, LCL2B4.3.1, LCL2B1.4.1. 11,8%
CSIEE	LCL2B2.3.1, LCL2B3.5.2, LCL2B3.6.2. 5,9%
CCEC	LCL2B4.1.1, LCL2B4.2.1, LCL2B4.2.2. 5,9%

PERFIL COMPETENCIAL DE LITERATURA UNIVERSAL



LITERATURA UNIVERSAL 1ºBACHARELATO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		
CCL	LUB1.2.1, LUB1.2.2, LUB1.3.1, LUB1.4.1, LUB2.1.1, LUB2.3.1, LUB2.3.2, LUB2.3.3.	32%
CMCCT		0%
CD	LUB2.2.1, LUB2.3.1.	8%
CAA	LUB1.1.2, LUB2.3.3.	8%
CSC	LUB1.1.1, LUB1.1.2, LUB1.2.1, LUB1.3.1, LUB1.3.2, LUB1.4.1, LUB2.1.1.	28%
CSIEE		0%
CCEC	LUB1.1.1, LUB1.1.2, LUB1.2.1, LUB1.3.2, LUB2.2.1, LUB2.3.2.	24%

2.3.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

2.3. 1.- Base metodolóxica:

A metodoloxía a empregar no proceso de ensino-aprendizaxe debe basearse en destacar a posta en práctica efectiva e activa da actividade lingüística oral e escrita, tanto de produción como de recepción, de modo que a consecución dos obxectivos esixe acceder aos recursos que o código de comunicación pon a disposición dos falantes, polo que se fai preciso que o alumno coñeza aspectos tan diversos como os paradigmas morfolóxicos, as regras sintácticas, as estruturas textuais ou os procedementos retóricos, así como que saiba cales son os modelos textuais e os rexistros apropiados para unha situación comunicativa concreta, cando

a información resulta redundante ou presenta connotacións determinadas, que significado posúe unha palabra nun contexto preciso, etc., sempre condicionados ao curso en que se atopa, neste caso o primeiro dunha etapa educativa na que debe profundar en coñecementos e destrezas xa traballados previamente.

Esta multiplicidade de información debe ser coñecida e traballada de xeito integrado, xa que calquera actividade comunicativa constitúe un proceso global que esixe a activación conxunta de todas as destrezas (formación competencial). Lograr este obxectivo só é posible se se actúa no proceso de ensino-aprendizaxe de xeito similar a como se fai como falante: enfrontándose a situacións comunicativas diversas e reflexionando sobre o fenómeno comunicativo de que se trata, integrando nesta reflexión aspectos lingüísticos, textuais e pragmático-comunicativos, estudados *per se* e na súa dimensión instrumental (a que debe primar).

a) Concrecións metodolóxicas na ESO

Nesta materia non se limitará só a facerlle chegar ao alumno unha serie de coñecementos lingüísticos e literarios, senón a dotalo duns recursos persoais e intelectuais e duns valores que lle faciliten a integración no seu contexto social, é dicir, a súa socialización. Fronte a uns coñecementos memorísticos e repetitivos, carentes de significado, preséntanselle outros próximos aos seus intereses vitais que pretenden favorecer a súa capacidade comunicativa nunha cada vez máis complexa e cambiante realidade social. Desta forma, a motivación e as aprendizaxes *útiles* e *significativos* convértense en principios metodolóxicos básicos no proceso e ensino-aprendizaxe, concibidos en termos de eficacia pedagóxica (o alumno usa a linguaxe en contextos sociais moito máis dispares e variados que o escolar, e para iso debe ser formado). Nesta liña, non se debe esquecer que moitos -por non dicir case todos- dos contidos desta etapa educativa, materia e curso son instrumentais, é dicir, transcenden do propio marco de coñecemento no que se inscriben e proxéctanse cara a aspectos propedéuticos, non terminais.

Os principios pedagóxicos que se estiman para o desenvolvemento dos procesos de ensino gardan relación cos propios desta etapa educativa da educación básica e cos derivados da adquisición de competencias. En tal sentido, teranse en conta as seguintes consideracións, coa perspectiva das características da etapa:

- ✓ Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común, coas medidas necesarias de atención á diversidade.
- ✓ Atender os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promover o traballo en equipo.
- ✓ Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, adecuando o seu logro progresivo ás características do alumnado do curso e da materia.
- ✓ Predispoñer e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados a tal fin.
- ✓ Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- ✓ Incidir, así mesmo, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

De xeito máis específico, a lóxica das competencias leva:

- ✓ Desprazar os procesos de ensino referidos á transmisión de informacións e coñecementos polos de adquisición de capacidades e competencias. Neste mesmo sentido, subliñar o coñecemento aplicado, o saber práctico, fronte á aprendizaxe memorístico.
- ✓ Utilizar as ideas e coñecementos previos do alumnado como soporte para novos esquemas mentais que reformulen ou desenvolvan os dispoñibles.
- ✓ Emprazar á procura, selección, análise crítica, tratamento, presentación e aplicación dos coñecementos; de tal xeito que a función docente vincúlese a tutelar a aprendizaxe, estimular e acompañar.
- ✓ Aproximar a natureza do coñecemento a situacións cotiás e problemas prácticos, aos contextos e contornas sociais, para que a aprendizaxe resulte relevante.
- ✓ Facilitar situacións que requiran procesos de metacognición do alumnado e axuden a adquirir habilidades de autorregulación, tanto para aprender como para aprender a aprender.
- ✓ Recorrer a actividades didácticas en clave de situacións-problema, nas que se requiren procesos cognitivos variados e a aplicación do que se sabe ou do que se sabe facer a situacións que resultan próximas, habituais e previsibles.
- ✓ Alternar e diversificar as actuacións e situacións de aprendizaxe de acordo coa motivación e os intereses do alumnado
- ✓ Utilizar a cooperación entre iguais como experiencia didáctica na que se pon en xogo o diálogo, o debate, a discrepancia, o respecto ás ideas doutros, o consenso, as disposicións persoais.
- ✓ Acentuar a natureza formativa e orientadora da avaliación, asociada, de xeito continuo, ao desenvolvemento das prácticas e procesos de ensino e aprendizaxe; que poden ser revisados e axustados de acordo coas informacións e rexistros da avaliación formativa.

b) Concrecións metodolóxicas no bacharelato

Como criterio metodolóxico básico, resaltaremos que no Bacharelato se facilitará e impulsará o traballo autónomo do alumno e, simultaneamente, estimularanse as súas capacidades para o traballo en equipo, potenciar as técnicas de investigación e as aplicacións e transferencias do aprendido á vida real. Non debemos esquecer que esta materia adquire todo o seu sentido cando serve para dotar ao alumno dunha maior capacidade lingüística que o axude a formalizar o seu propio discurso, para afianzar o seu hábito lector e para desenvolver a súa capacidade creadora.

No que atinxe ó ensino da *Lingua*, mantense un equilibrio entre os coñecementos lingüísticos e a aplicación concreta do idioma, do mesmo xeito que respecto ó dobre proceso analítico e creativo ó que o alumno se enfrenta nesta materia. Se, por unha banda, se insistirá no tratamento dos principios gramaticais básicos, do mesmo xeito que no coñecemento das relacións entre lingua e sociedade, por outro non se descoidarán as normas gráficas, gramaticais e léxicas do uso culto. Todo iso cun enfoque práctico e prestando a debida atención ás novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O estudo da Literatura cumpre tanto unha función de enriquecemento histórico-cultural como de estímulo cara á creación persoal e o uso excelente do idioma, a través do exemplo dos nosos modelos lingüísticos. Pola primeira delas, ponse ademais ao alumno en contacto co patrimonio cultural da humanidade, ademais

de axudalo a valorar a variedade de rexistros e estilos en períodos históricos diversos, o que contribúe ao desenvolvemento da súa capacidade analítico-crítica e estimula en gran medida a súa maduración persoal. En tal sentido, e tamén co fin de consolidar o hábito lector, insistirase especialmente na lectura e análise de textos e obras completas. O traballo sobre as obras de lectura obrigatorias, favorece a valoración e interpretación persoal dalgunhas das obras literarias máis salientables da nosa literatura.

O contido da materia deberá conectar coas necesidades, capacidades e experiencias da vida cotiá do alumnado e este deberá mostrar unha actitude positiva cara a aprendizaxe. O profesor exerce o papel de guía que pon en contacto estes coñecementos previos cos novos contidos para acadar novas aprendizaxes.

Favorecerase a actitude crítica do alumnado, no que defenda as súas opinións e ideas de forma argumentada. E tamén a participación activa do alumnado nas clases, a través da realización e corrección de actividades ou o comentario crítico de textos literarios, de opinión...

Todo o exposto estase a referir a que o ensino sexa presencial. En caso de que sexa semi-presencial ou non presencial recurriríase á forma de comunicación co alumnado que se tivo durante a pandemia: Edixgal con 1º e 2º ESO e no resto dos cursos Google Classroom, o portal A Basella online e correos electrónicos de alumnado e profesorado.

c) Outros aspectos

Procurarase tamén que haxa unha coordinación co resto dos departamentos para favorecer a aprendizaxe do alumnado e a relación entre os contidos das distintas materias, especialmente entre as linguas a través do TIL.

As actividades complementarias e extraescolares afianzarán os contidos da materia.

2.3.2.- Estratexias metodolóxicas

Utilizaranse as seguintes estratexias metodolóxicas :

1. Memorización comprensiva.
2. Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
3. Elaboración de sínteses.
4. Análise de documentos, en distintos soportes e que traballen as alfabetizacións múltiples (textos, esquemas, infografías, imaxes, gráficos. ...)
5. Elaboración de proxectos
6. Actividades de expresión oral
7. Traballo cooperativo (Seminario de Formación permanente no centro)

Á hora de planificar as distintas unidades didácticas, terase en conta o seguinte esquema para secuenciar o traballo na aula:

1 .- MOTIVACIÓN	- Presentación da actividade mediante textos, imaxes, vídeo ou presentación motivadora e relacionada coa unidade
-----------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos. - Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
2.- INFORMACIÓN DA PROFESORA	<ul style="list-style-type: none"> - Información básica para todo o alumnado. - Información complementaria para reforzo e apoio. - Información complementaria para afondamento e ampliación.
3.- TRABALLO PERSOAL DO ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura e comprensión de textos. - Análise de documentos, pequenas investigacións, etc. - Resposta a preguntas. - Resolución de problemas. - Comentario de textos, imaxes, etc. - Elaboración de sínteses ou mapas conceptuais. - Memorización comprensiva. - Traballo en grupos
4.- AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de producións: caderno, actividades, comentarios, etc. - Exposicións orais - Probas escritas - Traballos individuais e en grupo. - Observación do traballo na aula.

2.4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

2.4.1.- Libro de texto

CURSO	LIBRO	ISBN
1º ESO	Edixgal	
2º ESO	Edixgal	
3º ESO	Edixgal	
4º ESO	Edixgal	ISBN: 978-84-682-3577-6
1º BACH.	<i>Lengua castellana y literatura</i> Ed. SGEL (Recomendado, non obrigatorio)	ISBN 978-84-9778-813-7
LITERATURA UNIVERSAL	<i>Literatura universal (Inicia Dual)</i> Oxford Educación (Recomendado, non obrigatorio)	ISBN 978-84-673-8450-5

2.4.2.-Outros materiais e recursos:

a) Materiais complementarios

As profesoras elaborarán o material complementario pertinente: fotocopias, esquemas conceptuais, antoloxías literarias...

b) Recursos na rede / dixitais

Na **aula virtual do centro**, o alumnado atopará material de reforzo e ampliación para favorecer o seu traballo autónomo.

Outros materiais na biblioteca dixital do centro: escolma de páxinas web relacionadas co ensino da lingua e da literatura, dicionarios de referencia, dvds, xornais...

As aulas están dotadas dun proxector e dun encerado dixital, polo que empregaranse diversos recursos dixitais como complemento ás explicacións.

Hai que ter en conta tamén que podemos estar traballando nunha actividade lectiva presencial, neste caso todo sería normal, mais tamén podemos traballar nunha non presencial. Neste caso xogará un papel fundamental todos os chamados recursos na rede. O profesor podería comunicarse có seu alumnado por videoconferencia ou publicando na aula virtual os materiais e apuntamentos ordinarios. Nestes momentos son moi importantes as aulas virtuais.

c) Libros de lectura:

Non hai unha edición obrigatoria para os libros de lectura e na biblioteca do centro atoparán exemplares destes libros e bibliografía de consulta. Estes libros son:

1º ESO
<ol style="list-style-type: none"> 1. <u><i>El valle de los lobos</i></u> de Laura Gallego. 2. <u><i>El mago de Oz</i></u> de Frank Baum. 3. <u><i>La isla del tesoro</i></u> de Robert L. Stevenson o <u><i>El reino de las tres lunas</i></u> de Nando López
2º ESO
<ol style="list-style-type: none"> 1. <u><i>Oliver Twist</i></u> de Dickens. 2. <u><i>Cuento de navidad</i></u> de Dickens. 3. <u><i>La voz del árbol</i></u> de Muñoz Fuelles.
3º ESO
<ol style="list-style-type: none"> 1. <u><i>El otro barrio</i></u> de Elvira Lindo. 2. <u><i>La dama del alba</i></u> de Alejandro Casona. 3. <u><i>El Lazarillo</i></u> de Tormes.
4º ESO
<ol style="list-style-type: none"> 1. <u><i>Cuentos españoles de terror</i></u> de VVAA. 2. <u><i>Mala Luna</i></u> de Rosa Huertas. 3. <u><i>Las bicicletas son para el verano</i></u> de Fernando Fernán Gómez

1º BACHARELATO

1. *Antología poética del Siglo de Oro* (Edición de José Palomar y Salvador Solé).
2. *La Celestina* de Fernando de Rojas
3. *Fuente Ovejuna* de Lope de Vega

2º BACHARELATO

1. *Romancero gitano* de García Lorca.
2. *El lector de Julio Verne* de Almudena Grandes.
3. *La fundación* de Buero Vallejo.
4. *Crónica de una muerte anunciada* de García Márquez.

LITERATURA UNIVERSAL

1. *Edipo Rei* de Sófocles
2. *Antoloxía de textos (desde a Antigüidade ata o século XVI)*
3. *Hamlet* de Shakespeare
4. *Antoloxía de textos do século XIX*
5. *Casa de bonecas* de Ibsen
6. *Antoloxía de textos dos séculos XX-XXI*

D) Material de reprografía:

O carácter da materia, especialmente no bacharelato, e a propia formulación metodolóxica impón o uso constante dunha grande variedade de textos para a súa análise e comentario. Completaranse os textos propostos no libro con outros fotocopiados.

2.5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

2.5.1.- Avaliación

a) Avaliación inicial

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaranse coa información obtida a través do profesor titor.

En 1º de ESO e 1ª de Bacharelato, esta avaliación é especialmente importante posto que o alumnado comeza unha nova etapa de estudos e proceden de centros educativos diferentes.

Os instrumentos deste avaliación inicial serán unha proba escrita e a observación directa na aula (lectura en voz alta, resolución de exercicios...) Esta avaliación non se avaliará cuantitativamente e, no caso dos grupos da ESO, será o titor o encargado de comunicarlle ás familias despois da reunión de avaliación a información referida ao seu fillo/filla se o considera necesario.

b) Avaliación continua

Nas avaliacións ordinarias empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS
PROBAS ESCRITAS	Cualificación numérica	Análise e comentario de textos. Realización de exames (*) Desenvolvemento dun tema Elaboración de resumos, esquemas... Resolución de exercicios Cuestións e probas sobre os libros de lectura
PROBAS ORAIS	Cualificación a través de rúbricas / numérica	Exposicións orais Preguntas na clase
TRABALLOS INDIVIDUAIS	Cualificación a través de rúbricas nas que se valoren aspectos relacionados o proceso (a busca de información e planificación do traballo) como co resultado (contido e presentación)	Presentacións Traballos de investigación Lecturas voluntarias Actividades na Aula Virtual Colaboración no blog da Biblioteca
OBSERVACIÓN DIARIA	Cualificación mediante rúbricas nas que se reflecta a frecuencia e regularidade do traballo (sempre, case sempre nunca)	Traballo na clase Asistencia Actitude e comportamento Corrección de exercicios Tarefas para casa
TRABALLO EN GRUPO	Cualificación mediante rúbricas nas que se valoren aspectos relacionados o proceso (o traballo en equipo, a busca de información e planificación do traballo) como o resultado (contido e presentación)	Proxectos cooperativos de investigación

A avaliación, obviamente, variará según os tres posibles escenarios contemplados. Todo o exposto refírese a avaliación de xeito presencial.

Se a avaliación non pode ser de xeito presencial se intentará recoller todo o material posible do alumnado cando o ensino sexa de xeito presencial para así poder ter material do alumnado. Obviamente se utilizará a aula virtual do centro.

Exames:

As probas escritas terán carácter preferentemente procedimental nos apartados de lingua e comunicación e tamén na literatura. Tentarase que nas probas escritas aparezan cuestións referidas aos bloques de contidos 2, 3 e 4.

Xa que un dos obxectivos da materia é redactar textos con corrección e facer un bo uso das normas ortográficas, das gramaticais e das convencións tipográficas, nas probas escritas, ademais dos contidos específicos, avaliarase tamén o correcto uso da lingua.

Realizaranse as probas segundo o criterio do profesor. El terá que ver o número de probas necesarias dependendo como transcurra o curso.

Nota final: Tendo en conta a avaliación continua da materia, a nota final será o resultado de aplicar o seguinte cálculo: nota da 1ª avaliación x 1 + nota da 2ª x 2 + nota da 3ª x 3 e todo dividido entre 6. Se a nota resultante fora menor que 5 pero a nota da 3ª avaliación fora igual ou maior a 5, a nota final será 5.

Dado que é avaliación continua non haberá ningunha proba específica para recuperar a materia en xuño.

Porcentaxes na cualificación nas avaliacións:

Dentro da nota da avaliación calcularase a cualificación final da seguinte maneira:

2º ESO

➤ **Traballo e participación: 60 %**

Este apartado divídese en:

- 30 % do traballo diario; obterase a partir do seguinte baremo:

NÚMERO DE OCASIONS SEN DEBERES OU SEN ACTIVIDADES REQUERIDAS NA AULA	BAREMO (puntuación obtida)
5	0 puntos
4	0,2 puntos
3	0,4 puntos
2	0,6 puntos
1	0,8 puntos
0	1 punto

- 30 %: traballos exixidos ao longo do trimestre. Deberán entregarse sempre en prazo. Non se recollerá ningún traballo fora de prazo, salvo situacións excepcionais e con xustificante.

➤ **Probas obxectivas (exames): 25 %**

➤ **Traballo diario: 15 %**

Nas probas escritas sumarase até 1 punto a correcta expresión ortográfica, léxica e gramatical.

4º ESO

➤ **Traballo e participación: 20 %**

Este apartado divídese en:

- 10 % do traballo diario; obterase a partir do seguinte baremo:

NÚMERO DE OCASIÓNES SEN DEBERES OU SEN ACTIVIDADES REQUERIDAS NA AULA	BAREMO (puntuación obtida)
5	0 puntos
4	0,2 puntos
3	0,4 puntos
2	0,6 puntos
1	0,8 puntos
0	1 punto

- 10%: traballos exixidos ao longo do trimestre. Deberán entregarse sempre en prazo. Non se recollerá ningún traballo fora de prazo, salvo situacións excepcionais e con xustificante.

➤ **Probas obxectivas (exames): 70 %**

➤ **Lectura obrigatoria: 10 %**

Nas probas escritas sumarase até 1,5 puntos a correcta expresión ortográfica, léxica e gramatical.

2º BACHARELATO

➤ **Probas escritas e orais: 90%**

➤ **Traballo diario e participación: 10%**

Ademais hai que sinalar que en tódolos cursos de BAC se disporá de un

máximo de 2 puntos que se poden sumar ao alumno se dispón de un bo uso da ortografía, acentuación e expresión.

En 1º e 2º ESO pódese sumar 1 punto polo mencionado anteriormente e en 3º e 4º 1,5 puntos. De non responder a todas as preguntas a puntuación que lle corresponde será proporcional ao que escriba.

Os traballos, comentarios...que se lle pida ao alumnado serán entregados con puntualidade, en caso contrario, serán corrixidos, mais non se valorarán cuantitativamente.

As **cualificacións das avaliacións** serán:

Cursos de ESO: INSUFICIENTE (1,2,3 ou 4), SUFICIENTE (5), BEN (6), NOTABLE 7, NOTABLE 8, SOBRESAÍNTE 9, SOBRESAÍNTE 10. Se a nota resultante da media ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

Cursos de Bacharelato: NON PRESENTADO, INSUFICIENTE (0,1,2,3 ou 4), SUFICIENTE (5), BEN (6), NOTABLE 7, NOTABLE 8, SOBRESAÍNTE 9, SOBRESAÍNTE 10. Se a nota resultante da media ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

Recuperacións:

a) Dunha proba

O alumno poderá optar entre repetir a proba total ou parcialmente, facer unha proba complementaria oral ou escrita, un traballo, recuperar a materia na seguinte proba...

b) Dunha avaliación:

Poderá optar entre todos ou parte dos criterios non superados, facer unha proba complementaria oral ou escrita, un traballo, recuperar a materia na seguinte avaliación, etc.

c) Avaliación final

Cada profesor establecerá medidas de recuperación praciais ou globais antes da avaliación ordinaria.

d) Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria o único instrumento de avaliación é o exame de recuperación, xa que non existe a avaliación continua na que se teña en conta a actitude, asistencia a clase... Na ESO non entran os libros de lectura, mentres que en BAC como as lecturas están vinculadas ao programa, se fará unha pregunta relacionada coas obras: resumo, tema ...

A cualificación final calcularase da seguinte forma: a cualificación será a obtida no exame. Redondearase á nota máis alta no caso de seren os decimais iguais o superiores a 0,5.

2.5.2.- Cualificacións:

As cualificacións das avaliacións serán: INSUFICIENTE (1,2,3 ou 4), SUFICIENTE (5), BEN (6), NOTABLE 7, NOTABLE 8, SOBRESAÍNTE 9, SOBRESAÍNTE 10. Se a nota resultante da media ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

2.6.-ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O Departamento convocará unha reunión para informar ao alumnado con Lingua castelá e literatura pendente doutros anos da materia obxecto de exame, traballos, modelo de exame e criterios de cualificación. Os mínimos esixibles son os recollidos nas programacións correspondentes. A xefatura de estudos do centro establecerá as datas para a recuperación de pendentes.

Hai dúas formas de recuperar a materia pendente:

1. Avaliación continua: para o alumnado de 1º e 2º de ESO e o alumnado de Literatura Universal de 1º de Bacharelato. O alumnado deberá facer unha serie de traballos e lecturas para aprobar a materia. É obrigatorio facer todos os traballos encomendados e entregalos nas datas previstas. Se algún destes requisitos non se cumpre, terá que presentarse aos exames finais de maio.
2. Realización de dous exames durante o curso nas datas previstas polo centro. Tamén haberá un exame final en maio en caso de non superar/ non presentarse aos dous exames parciais e unha proba extraordinaria en setembro

A **cualificación final** calcularase da seguinte forma:

1. Avaliación continua: valoraranse os traballos presentados sobre 10 e farase a media arimética. Redondearase á nota máis alta no caso de seren os decimais iguais o superiores a 0,5.
2. Avaliación por exames: valoraranse os exames sobre 10 e farase a media arimética. Redondearase á nota máis alta no caso de seren os decimais iguais o superiores a 0,5.
3. No caso de presentarse unicamente ao exame final de maio ou á proba extraordinaria de setembro, a cualificación será a obtida no exame. Redondearase á nota máis alta no caso de seren os decimais iguais o superiores a 0,5.

2.7.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A **avaliación inicial** ao comezo do curso escolar ten como finalidade detectar estas necesidades. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida a través do profesor titor, ten unha importancia crucial porque nela se decidirá que alumnos ou alumnas precisan dunha atención máis personalizada.

2.8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nun proceso educativo de ensino-aprendizaxe é necesario identificar as necesidades do alumnado e ofrecerlles os recursos educativos axeitados para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades, nalgúns casos porque estas son maiores que as do grupo clase, noutros porque precisa reaxustar o seu ritmo de aprendizaxe.

A **avaliación inicial** ao comezo do curso escolar ten como finalidade detectar

estas necesidades. Esta avaliación, que incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida a través do profesor titor, ten unha importancia crucial porque nela se decidirá que alumnos ou alumnas precisan dunha atención máis personalizada.

1º ESO:

No caso de 1º de ESO, ou de alumnado novo que se incorpore ao centro, teranse en conta os informes dos centros dos que procede o alumnado en relación ás medidas de apoio e reforzo educativo que tiveron nos cursos anteriores.

2º ESO:

Tamén haberá unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade: presentaranse cuestións de diagnóstico previo ao comezo para valorar as estratexias metodolóxicas a aplicar, tanto para elaborar actividades de reforzo como de ampliación. Como medida ordinaria curricular, recorrerase ao **traballo cooperativo** en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

A colaboración co Departamento de Orientación é fundamental, sobre todo na ESO, para aplicar as medidas de apoio máis axeitadas ao alumnado que as precise. Tamén se potenciará a coordinación co profesor titor e co profesorado que imparten clases no grupo.

Outras medidas:

Neste curso é necesario tomar medidas de atención á diversidade extraordinarias tanto a nivel organizativo (varios alumnos e alumnas necesitan a apoio por parte dun profesor PT) como curricular, xa que hai varios alumnos e alumnas que precisan de AC na materia.

2.9.- CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

A área de Lingua Castelá e Literatura préstase á inclusión deste elementos transversais e educación en valores, xa que podemos traballar textos, tanto orais como escritos, dunha temática variada e que inciten ao debate e á reflexión. Outros elementos transversais como o fomento da lectura, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita están intimamente ligados á nosa materia.

2.9.1.- Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita

Fomento da lectura

vid o punto 2.12.1 desta programación: Contribución ao Plan Lector

Comprensión lectora

No inicio de cada curso, e especialmente no Primeiro Ciclo da ESO, é imprescindible descubrir as habilidades de lectura que dominan os estudantes e a relación que manteñen cos libros, para poder incidir nas súas posibles carencias.

Como é natural neste, disporán de esquemas mentais básicos, moi próximos a un cliché, e apenas terán desenvolto as estratexias que aseguran unha lectura

persoal, crítica e comprensiva. polo tanto, o noso primeiro obxectivo será reforzar as habilidades que demostren e darlles a coñecer ficcións e personaxes creados para “adultos” que deixan atrás a infancia.

No caso do alumnado de bacharelato, sería esperable que teña desenvoltas as estratexias que aseguran unha lectura persoal, crítica e comprensiva. De non ser así, o noso primeiro obxectivo será reforzar as habilidades que demostren e darlles a coñecer ficcións e personaxes máis axeitados para a súa idade, a dun adulto novo.

O bloque 2 da nosa materia traballa especificamente a lectura. Ademais das actividades recollidas nas accións para contribuír ao proxecto lector do centro, traballarase a comprensión lectora mediante:

- Lectura e análise de textos de diverso tipo literarios e non literarios (narrativos, descritivos, instrutivos ...)
- O recoñecemento das estruturas e características propias de cada modalidade textual.
- Traballo para ampliar o vocabulario.
- Resumos, esquemas, e modificacións de textos para comprobar a súa correcta interpretación.
- Lectura dramatizada de textos.
- Lectura de obras completas

Expresión oral e escrita

O desenvolvemento das capacidades de expresión oral e escrita é un aspecto fundamental para o desenvolvemento tanto cognitivo como competencial e social do alumnado. Ao longo da diferentes etapas e nas distintas materias o alumnado aprenderá a elaborar diferentes tipos de texto oral ou escrito co fin de poder aplicar os coñecementos que adquire e poder transmitirlos de forma correcta.

O desenvolvemento das capacidades de expresión oral e escrita debe tamén achegarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. A estruturación do pensamento do ser humano realízase a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

O desenvolvemento Expresión Oral e Escrita, en canto eixe transversal educativo, ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada. A adquisición destas destrezas comunicativas só pode conseguirse a través da lectura e audición de distintas clases de textos, da súa comprensión e da reflexión sobre eles, tendo presente que esta non debe organizarse arredor de saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolongan a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua.

É fundamental ensinarlle ao alumnado a realizar uso social da lingua oral e escrita adecuado en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A forma de falar e de escoitar dunha persoa determina a percepción que os demais teñen de cada persoa. É polo tanto imprescindible dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcto aprendizaxe desta dimensión oral da competencia comunicativa e que lle asegure un manexo efectivo das situacións de comunicación nos ámbitos persoal, social, académico e profesional ao longo da súa vida.

No caso da nosa materia, tanto no bloque 1 (Comunicación oral: escoitar e falar) como no bloque 2 (Comunicación escrita: ler e escribir) trabállanse de maneira

específica a expresión oral e escrita mediante as seguintes actividades:

- Debates, coloquios e exposicións orais.
- Resumos orais.
- Narración de anécdotas de forma oral e escrita.
- Redacción de textos diversos seguindo uns modelos ou pautas dadas
- Redacción de textos de intención literaria utilizando as convencións formais do xénero.

2.9.2.- Comunicación audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación

A través dos proxectos documentais e dos pequenos traballos de investigación fomentárase a busca crítica de información en internet e daráanse pautas ao alumnado para utilizar as TIC de forma responsable e segura.

Fomentárase o uso de diversos recursos á hora de presentar e compartir os traballos (Power Point, prezi, ferramentas de Google...)

O alumnado dispón dun ordenador e da versión dixital do seu libro de texto.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) son tamén un recurso privilexiado á hora de despertar a afección polos libros e reforzar competencias de lectoescritura. A importancia crecente que os ordenadores e a Internet adquiriron na nosa época traza unha nova fronteira de alfabetización, na que o dominio da lingua escrita é a chave para asimilar coñecementos informáticos cada vez máis ineludibles. É dicir, debemos aproveitar os ordenadores conectados á Rede e provistos de impresoras, escáneres, etc., que case todos os centros educativos posúen, así como aqueles recursos educativos virtuais ou en soporte dixital que nos resulten útiles.

2.9.3.-Emprendemento

Tal e como expresa Marta STONE "os alumnos que están na escola deben desenvolver a comprensión, no só memorizar feitos e cifras. Os líderes empresarios adoptan estas metas porque a maioría dos traballadores deben saber como aprender e pensar para ter éxito nesta época de constante cambio e desenvolvemento tecnolóxico... O emprendemento relaciónase con este concepto de comprensión e abarca as seguintes dimensións: a interacción social (a cooperación con outros na realización de proxectos), a motivación para desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal ; a mellora-innovación, que ten como ferramenta a creatividade ; a ético-humanista e a simbólico-comunicativa, entendida como capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos comunicalas.

Dentro da nosa materia, este elemento transversal está presente de diversas maneiras:

- Metodoloxía: a través dos proxectos e traballos cooperativos que debe realizar o alumnado e que implica o desenvolvemento das dimensións antes citadas.
- A mellora da expresión oral e escrita para elaborar textos que respondan axeitadamente as nosas necesidades, a través do coñecemento de textos diversos e creación de textos propios baseándonos en modelos.
- Actividades de comprensión oral e lectora baseadas na expresión dun mensaxe en diversos formatos (análise de gráficas, transformar textos explicativos nunha infografía)

2.9.4.- Educación cívica e constitucional

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Desde a Educación cívica e constitucional desenvólense, así mesmo, iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A Educación cívica e constitucional adentra no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende á construción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e as súas posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía das alumnas e dos alumnos para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmos e o respecto ás demais persoas.

No caso da nosa materia, este elemento transversal desenvólvese a través de:

- O traballo en grupos, a participación en debates, coloquios...esixe ao alumnado o coñecemento e respecto das normas básicas de convivencia e da toma de decisións democrática.
- As datas dos exames, entrega de traballos...elixíranse tamén de forma democrática.
- Ao traballar os textos normativos, debateranse as normas da clase.

2.9.5.-Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia

A través dos diversos traballos que elaboraremos co gallo de datas sinaladas como a loita contra a violencia de xénero, o día da paz... fomentaremos a reflexión e o rexeitamento da violencia.

O traballo en grupos é tamén imprescindible para fomentar a resolución pacífica de conflitos.

2.9.6.- Educación baseada na igualdade e a non discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero

Fomentaremos nas nosas aulas a participación igualitaria de rapaces e rapazas.

Á hora de traballar contidos, escolleremos textos sobre mulleres que tiveron un papel destacado na historia.

Tamén traballaremos a igualdade a través do visionado e posterior comentario dunha película axeitada.

Reflexionaremos sobre os usos sexistas e discriminatorios da linguaxe.

2.10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

As actividades complementarias e extraescolares son indispensables para afianzar os contidos da materia e para favorecer a convivencia dentro do grupo-

clase. O Departamento propón as seguintes:

- Clube de lectura, en coordinación coa Biblioteca do centro
- Concursos literario anual: prosa e verso.
- Asistencia a algunha representación teatral.
- Cine-forum: visionado de películas que leven á reflexión
- Conferencias referidas a temas de actualidade ou a nosa materia.
- Visitas a bibliotecas, exposicións, casas-museo (Cela, Rosalía, Salón do Libro...).
- Celebración de efemérides varias (Semana da Prensa, Día do Libro...).
- Recitais poéticos e lecturas dramatizadas.

2.11 CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO

2.11.1.- Contribución ao Proxecto Lector

Un dos obxectivos básicos da materia de Lingua castelá e literatura é o desenvolvemento das capacidades de comprensión e expresión, oral e escrita, e o fomento do gusto pola lectura e polos textos literarios.

A lectura é un dos piares do traballo na clase, tanto de textos literarios coma de textos xornalísticos, humanísticos, argumentativos... formulando ao alumnado cuestións que favorezan a boa comprensión dos textos.

Para **fomentar o hábito lector**, o alumnado ten unha serie de lecturas obrigatorias ao longo do curso. Ademais, o profesorado reservará un tempo semanal nas súas clases para a lectura. Este tempo pode estar dedicado á lectura individual, mais tentarase fomentar a lectura en grupo, polo que consideramos que a lectura de obras teatrais breves pode ser un instrumento moi valioso para practicar a lectura expresiva. A selección de obras será feita polas profesoras e terán en conta as suxestións e gustos do alumnado. Tamén se leva a cabo a hora de ler fixada polo centro.

Nas aulas hai tamén unha biblioteca de aula a disposición do alumnado cuxos fondos variarán periodicamente. Facilitarase ao alumnado unha selección de títulos atractivos para a súa idade.

Dentro das **estratexias de animación á lectura** promovidas polo departamento destaca o concurso literario anual con gallo da celebración do Día do Libro e a Feira do Libro organizada nesa mesma data.

Outra das prioridades do Departamento é **fomentar a utilización da Biblioteca** do centro por parte do alumnado. Para isto, levaranse a cabo as seguintes accións:

1. Os primeiros días do curso, visitarase a biblioteca do centro co alumnado para explicarlles o seu funcionamento.
2. Fomentarase a colaboración co blog da biblioteca mediante reseñas de libros feitas polo alumnado en diversos formatos (audio, vídeo, texto...)
3. O alumnado será informado das actividades propostas pola biblioteca e animado a participar nelas.
4. Utilizarase a biblioteca como un dos recursos básicos para a investigación e a elaboración de traballos relacionados co proxecto documental promovido polo grupo de biblioteca.

O profesorado promocionará tamén as diferentes bibliotecas virtuais nas que o alumnado pode atopar moitas das obras de lectura obrigatoria e información

sobre os seus autores.

2.11.2.- Contribución ao plan TIC

O Departamento promoverá a utilización das TIC nas aulas de xeito habitual a través do uso do proxector, o ordenador e o encerado dixital á hora de impartir as clases. Tamén creará un curso da materia na aula virtual do centro para axudar ao alumnado na preparación da materia.

As aulas de 1º e 2º de ESO son aulas Abalar polo que gran parte do traballo diario na clase faise utilizando as novas tecnoloxías,. No resto das aulas dispoñemos dun ordenador e proxector.

Un dos obxectivos básicos da nosa materia é fomentar o espírito crítico en relación ao uso de internet como fonte de información, hoxe en día, básica no ámbito educativo. No desenvolvemento do proxecto de investigación proposto polo equipo da biblioteca do centro, será indispensable utilizar internet na procura de información. O uso responsable das novas tecnoloxías será un dos aspectos a tratar nas clases.

Tamén se promoverá o uso de internet para achegar avisos ao alumnado e as súas familias mediante abalarmóbil.

2.11.3.- Contribución ao plan de convivencia

O traballo nesta materia implica reflexión e aprender a defender as ideas e opinións de forma razoada e argumentada. Se favorecemos esta actitude para afrontar a resolución de problemas, os conflitos e enfrontamentos violentos serán menores no centro.

O traballo en grupo contribúe a mellorar o ambiente na clase e a cohesión do grupo e, polo tanto, axudará a mellorar a convivencia no centro.

O uso responsable das novas tecnoloxías será un dos aspectos a tratar nas clases para evitar problemas de convivencia como o ciberacoso.

2.12.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Á hora de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, as profesoras do departamento cubrirán os seguintes cuestionarios referentes ao proceso de ensino e á práctica docente sobre os cursos nos que imparten a materia. Posteriormente, nunha reunión de departamento analizaranse os resultados. Este análise de resultados farase despois de cada avaliación.

Na memoria final do departamento recolleranse estes datos e proponse melloras para o seguinte curso. Este traballo de reflexión é especialmente importante este curso, xa que debido á implantación dun novo plan de estudos é practicamente seguro que será necesario facer moitos reaxustes nas programacións.

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes cuestionarios nos que se especifican os indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente.

a) Indicadores de logro do proceso de ensino

Escala			
1	2	3	4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

b) Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.				

2.13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

2.13.1- Avaliación da programación didáctica

É necesario facer unha avaliación da programación didáctica para modificala se fora necesario.

Ao finalizar cada avaliación, revisarase a programación e analizarase o cumprimento da mesma.

Tras esta avaliación trimestral, recollerase en acta e nun documento adxunto á programación os cambios de contidos que fora preciso engadir ou eliminar e as medidas a adoptar. Todos estes cambios aparecerán tamén reflectidos na memoria final do departamento.

O instrumento de avaliación da programación será este cuestionario no que se analizarán os seguintes indicadores

Indicadores	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				

23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

4.- PROGRAMACIÓN DE 2º DE ESO

ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización**
- 2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfís competenciais da materia. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis concretados por nivel educativo**
- 3.- Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso**
- 4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación**
- 5.- Concrecións metodolóxicas que require a materia**
- 6.-.- Materiais e recursos didácticos**
- 7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado**
- 8.-Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**
- 9.- Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan tomar como consecuencia dos resultados**
- 10.-Medidas de atención á diversidade**
- 11- concreción de elementos transversais que se traballarán**
- 12.- Actividades complementarias e extraescolares programadas**
- 13.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**
- 14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Este curso o alumnado de 2º SO, está no Edixgal. Se repite por tanto o que se comentou para 1º ESO.

En 2º da ESO hai un total de 65 alumnos e alumnas distribuidos en tres grupos.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DA MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO

vid 2.1.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfís competenciais da materia. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis concretados por nivel educativo

3.- CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBOXECTIVOS PARA O CURSO

Non se recollen na programación.

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1ª AVALIACIÓN			
OS TIPOS DE TEXTOS (1): OS TEXTOS. CARACTERÍSTICAS DOS TEXTOS (30%)			
CONTIDOS	1.- A comunicación. A intención comunicativa. Os tipos de texto segundo a intención comunicativa do falante. Os rexistros lingüísticos.		
B1.1, B1.2, B1.4.B1.5, B.2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6	2.- As características básicas dos textos		
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios do	2%	Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito	Cuestionarios Rúbrica

<p>ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.</p>		<p>persoal, escolar/ educativo e social, identificando a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.</p>	
<p>LCLB1.1.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.</p>	1%	<p>Retén información relevante e é quen de responder a preguntas sinxelas sobre informacións concretas dun texto</p>	<p>Cuestionarios Rúbrica</p>
<p>LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.</p>	2%	<p>Comprende o sentido global de textos orais, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante,</p>	<p>Cuestionarios Rúbrica</p>
<p>LCLB1.2.3 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</p>	1%	<p>Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</p>	<p>Observación directa Lista de control</p>
<p>LCLB1.2.4 - Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente</p>	3%	<p>Resume textos de diverso tipo de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente</p>	<p>Análise de producións do alumnado. Resumos</p>
<p>LCLB1.4.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</p>	1%	<p>Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso</p>	<p>Autoavaliación Rúbrica</p>
<p>LCLB1.4.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</p>	1%	<p>Recoñece os erros graves da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación,</p>	<p>Autoavaliación e avaliación entre iguais. Rúbrica</p>
<p>LCLB1.5.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas</p>	1%	<p>Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas</p>	<p>Observación directa</p>

prácticas orais.		orais.	
LCLB1.5.4 - Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	2%	Pronuncia con corrección e claridade. A súa mensaxe se adapta finalidade específica do texto	Análise de producións orais. Producción orais
LCLB2.1.1 - Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto	1%	Comprende o sentido xeral do texto	Proba comprensión lectura. Rúbrica
LCLB2.1.2 - Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.	1%	Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas progresivamente ao seu repertorio léxico.	Proba comprensión lectura. Rúbrica
LCLB2.1.3 - Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto	1%	Relaciona a información explícita dun texto, e pon en relación co contexto	Proba comprensión lectura. Rúbrica
LCLB2.1.4 - Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	3%	Deduce a idea principal dun texto e recoñece algunhas das ideas secundarias.	Proba comprensión lectura. Rúbrica
LCLB2.1.5 - Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	1%	Con axuda fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto e comprende o significado global do mesmo.	Proba comprensión lectura. Rúbrica
LCLB2.2.1 - Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.	2%	Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e deduce con axuda informacións ou valoracións implícitas.	Proba comprensión lectora. Rúbrica
2º-LCLB2.2.2 - Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	1%	Interpreta e explica a información dada en mapas conceptuais e esquemas	Análise dos producións dos alumnos. Resumos e esquemas
LCLB2.4.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	4%	Escribe textos usando case sempre o rexistro adecuado, organizando as ideas principais con claridade, enlazando enunciados sen erros graves de cohesión e respectando, en xeral, as normas gramaticais e ortográficas.	Análise dos producións dos alumnos.

LCLB2.5.1 - Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	3%	Escribe textos propios do ámbito escolar ou educativo, imitando textos modelo.	Análise producións dos alumnos.
A ORGANIZACIÓN DO LÉXICO: OS CAMPOS SEMÁNTICOS (5%)			
CONTIDOS	1.- Os campos semánticos. hiperónimos e hipónimos		
B3.6			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB3.5.1 - Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	5%	Usa os principais mecanismos de referencia interna léxicos (substitucións mediante hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	Proba específica Cuestionario
AS CLASES DE PALABRAS(1): O VERBO (20%)			
CONTIDOS	1.- As categorías gramaticais: as clases de palabras.		
B3.1, B3.2, B3.7, B3.10	2.- O verbo: definición. Características. A conjugación verbal. Uso dos tempos verbais		
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB3.1.1 - Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos	10%	Recoñece as categorías gramaticais e explica o uso dos verbos nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos	Proba específica Cuestionario
LCLB3.1.2 - Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	2%	Recoñece e corrixe erros gramaticais en textos propios aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	Análise producións dos alumnos
LCLB3.1.3 - Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	5%	Utiliza case sempre de forma axeitada as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	Proba específica Cuestionario
LCLB3.6.1 - Explica a diferenza	2%	Recoñece as diferenzas básicas	Proba específica

significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.		no uso dos tempos e modos verbais.	Cuestionario
LCLB3.9.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	1%	Utiliza os coñecementos lingüísticos sobre o verbo, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Proba específica Cuestionario
ORTOGRAFÍA (1): USO DO H, B/V (5%)			
CONTIDOS	1.- Uso do h		
B3.2.	2.- Uso do b e do v		
LCLB3.1.2 - Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais	5%	Recoñece e corrixe erros ortográficos relacionados co uso do h, b-v en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións escritas.	Análise dos producións dos alumnos Lista de control
A LITERATURA (1): CARACTERÍSTICAS DA LITERATURA. O XÉNERO LÍRICO (20%)			
CONTIDOS	1.- Textos literarios e textos non literarios. Caracterización dos textos literarios. Os xéneros narrativos		
B4.1, B4.2	2.- O xénero lírico. Características. Temas da lírica.		
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB4.2.1 - Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	5%	Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música).	Proba específica Cuestionario
LCLB4.2.2 - Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	10%	Recoñece o mantemento ou a evolución dalgúns temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	Proba específica Cuestionario
LCLB4.3.2 - Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	2%	Le en voz alta modulando, adecuando a voz e potenciando a expresividade verbal.	Lectura (rúbrica)

LCLB4.4.1 - Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	2%	Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	Análise producións do alumnado
LCLB4.4.2 - Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimento	1%	Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimento	Autoavaliación

Lectura : Oliver Twist de Dickens.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	10%	Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	Proba de lectura Cuestionario
LCLB4.3.1 - Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	2%	Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	Observación directa
LCLB2.3.2 - Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	1%	Coñece o funcionamento da biblioteca escolar e manexa con axuda bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar libros, vídeos, etc.	Observación directa (Lista de control)
LCLB3.7.Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	7%	Elabora en grupos un guión para adaptar un conto. Fan unha sinopse do guión, recoñecen as partes do texto.	Análise produción do alumnado

2ª AVALIACIÓN

OS TIPOS DE TEXTOS (1): O TEXTO EXPOSITIVO (30 %)

CONTIDOS	1.- O texto argumentativo. Características. Tipos de
-----------------	---

B1.1, B1.2, B1.4., B1.5, B1.6, B1.7, B.2.1,B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6	argumentos 2.- Os textos argumentativos nos medios de comunicación e na publicidade 3.- O debate		
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTO INSTRUMENTO AVALIACIÓN
LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	1%	Comprende o sentido global de textos orais expositivos propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	Cuestionarios Rúbrica
LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	2%	Comprende o sentido global de textos orais de intención expositiva, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante,	Proba comprensión oral (Cuestionario)
LCLB1.1.2 - Retén información relevante e extrae informacións concretas.	1%	Retén información relevante e diferencia ideas principais e secundarias	Cuestionarios Rúbrica
LCLB1.2.3 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	1%	Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	Observación directa Lista de control
LCLB1.2.4 - Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente	2%	Resume textos expositivos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente	Análise de producións do alumnado. Resumos
LCLB1.4.1 - Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	1%	Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso	Autoavaliación Rúbrica

